



Ás cinco da tarde do martes 24 de abril de 2018 constitúese no promontorio ártabro ocupado polo Barbazul de Miño o xurado do I Premio de Poesía Estratosférica composto polo profesor Luciano Rodríguez, a poeta Lúa Mosquetera e o secretario da Axencia Espacial Escolar Galega, NOSA, Xosé M. Fernández Castro que, sendo representante da organización que convoca esta xusta literaria, actúa como presidente.

Valórase positivamente tanto a cantidade -en torno a un cento de poemas- como a calidade dos traballos presentados ao concurso, así que de xeito unánime decídese non declarar deserta ningunha das catro categorías.

Tras votar cada membro do xurado polos seus dous ou tres favoritos en cada categoría, resulta que na do IES Maruxa Mallo obtén tres, “**Estrelas no peto**”, que se declara vencedora, e dous, “**Galaxia**”, que consideramos finalista. Na categoría do IES Marco do Camballón obtén tres votos e declaráse gañador, “**Morte hiperespacial**”, sendo finalista “**Está anoitecendo**” con dous votos. Máis disputada resulta a do IES Miraflores, pois dous poemas obteñen os tres votos, polo que cómpre ir a unha ronda de desempate onde se decide conceder o premio a “**Lémbrote no cosmos**” e declarar finalistas con tres votos “**Amor cósmico**” e con dous, “**Morte**”. Na categoría libre é premiado unanimemente “**Anómala**”.

Unha vez abertas as plicas resultan galardoadas as seguintes persoas:

1. **Sheila Cores Juncal** de Pereira, Ordes, na categoría do IES Maruxa Mallo.
2. Na categoría do IES Marco do Camballón lemos con sorpresa que o poema foi escrito por un equipo formado por tres persoas: **Jesús Calviño Ruíz** de Eirexe, Agolada, **María Seijo Delgado**, de Vila de Cruces, e por **Héctor Varela Fernández** de Camanzo, Vila de Cruces.
3. **Sara Gómez Cortiñas** é a vencedora da categoría do IES Miraflores.
4. Na categoría libre resultou gañador **Jorge Moral Vidal** do Barco de Valdeorras.

Sandra



O xurado aconsella, asemade, que no acto de lanzamento da MarumaSat III sexan tamén lidos polas súas autoras e autores -ou por persoas en que deleguen- os textos finalistas:

- a. Polo IES Maruxa Mallo, Verónica Bermúdez Vázquez de Buscás, Ordes.
 - b. Polo Marco do Camballón algún dos autores do poema que levaba por lema "Auga salgada e estratosfera", pois tamén foi redactado en grupo, neste caso a dúoa por Iria Álvarez Gómez de Castrelo e Nicolás Soto Mazás de Piloño, Vila de Cruces.
 - c. Polo IES Miraflores, Tamara Rademacher Macía, autora de "Amor cósmico" e
 - d. Aida Loureiro Carro de Nós, autora de "Morte".
- ~~e.~~

E para deixarmos constancia deste fallo, asinamos cada unha das dúas páxinas desta acta.

LUCIANO RODRÍGUEZ

LÚA MOSQUETERA

X. M. FDEZ. CASTRO